



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de outubro de dous mil once, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CATRO DE DOUS MIL ONCE.

José Luís Maceda Vilaríño

Manuel González Moreira

José Luís Rodríguez Franco

Ricardo Rodicio González

José Antonio García Pérez

Inés Olmo González

Juan Ramón Méndez Quiroga

David López Goyanes

Fernando Parada Veiga

Adoración Fernández González

Javier González González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e catro de outubro de dous mil once, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilaríño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia once, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- PARTE DISPOSITIVA:

1.01º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día once de agosto de dous mil once.

1.02º.- RATIFICACIÓN ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 13 de setembro de 2011 que figura a seguir, propoño ao Pleno a súa ratificación.

1.- *Aproba-lo proxecto de funcionamento no Concello da Pobra do Brollón do servizo de axente de emprego e desenvolvemento local.*

2.- *Solicitar da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 29 de xullo de 2011 da (D.O.G. número 157/2011 de 18 de agosto) una subvención por importe do 80% dos custos do proxecto aceptando integramente as condicións de financiamento que figuran na expresada orde e as que no seu caso se determinen na resolución pola que se conceda a subvención.*

3.- Comprometerse a financiar con cargo ó orzamento do Concello a parte dos custos non subvencionados pola Consellería.

+ Intervén o portavoz independente:

Hai que dicir que isto foi reiteradamente solicitado en anos anteriores e daban o 80% da subvención. Despois da reforma do cadro de persoal, canto se solicitou, xa que non o pon no acordo? Supoño que sobre 20.000€. Pero hoxe, coas baixadas de subvención que fai a Xunta de Galicia o concello pode ter un novo problema; ademais hai que ter en conta que parece que se pretende reordenar o servizo mediante agrupacións e comarcalizacións, ao mellor o concello ten que se facer cargo deste salario.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 28 de setembro de 2011 que figura a seguir, propoño ao Pleno a súa ratificación.

1.- Aprobar a memoria e o orzamento da actuación "dotación de equipamento para a biblioteca municipal".

2.- Solicitar da Deputación Provincial de Lugo unha achega de trinta mil euros (30.000,00€) para dito equipamento, aceptando as condicións de financiamento establecidas por dita administración.

3.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

+ Intervén o portavoz independente:

Entendo que esta achega é para cambiar a biblioteca de edificio. Estamos nun contexto de crise grande neste concello, e descoñecemos o uso que ten. Pero levala sería un custo engadido. Un custo en canto a luz, persoal, ascensor... Entón a achega ben, en principio que veñan eses cartos, pero en caso que non veña, debería permanecer onde está polo tema económico.

+ Intervén o portavoz popular:

Imos votar a favor pero queremos deixar constancia de que é un gasto superfluo xa que podía manterse aquí sen trasladala. Nos cando gobernamos xa non a levamos á casa da cultura porque era moito gasto, e a verdade e que acude pouca xente.

+ Intervén a portavoz socialista:

Nos sempre apostamos por dotar de vida á casa da cultura. Parécenos importante que haxa aí ese equipamento. Non nos parece o momento, pero o que si hai que optimizar o gasto de calefacción e o uso do ascensor.

+ Intervén o alcalde:

Só quero facer unhas puntualizacións e dicir que loxicamente o ascensor é necesario nun edificio público para solucionar os problemas de accesibilidade. Trátase de darlle contido a un edificio que en todo caso este goberno non fixo. É importante ter unha biblioteca, e pode que a que hai non se utilice por carecer do espazo necesario. Naturalmente haberá gastos de mantemento, pero se está mirando o uso de enerxías alternativas co apoio do INEGA.

+ Intervén o portavoz independente:

Evidentemente nos non estamos en contra da accesibilidade nin de que haxa un espazo máis confortable e máis espazoso, cos libros ben colocados, pero terá gastos. O que me gustaría tamén solucionar e se se vai levar tamén o punto de internet, porque senón teríamos un problema de persoal. En todo caso había cousas máis prioritarias. O malo é que despois das obras veñen os gastos de mantemento. Voto de

menos un estudo sobre a utilización da biblioteca no tema que dicía das luces. Aínda que haxa luz natural haberá que acendelas.

+ Intervén o portavoz popular.

Oxalá vaia máis xente á biblioteca ao haber máis espazo, pero eu dubído. O malo será o custo de luz e calefacción. Nos cando estivemos non nos atrevemos a abri-lo, e ademais queríamos centralizar todo no concello. Había que pensar en darlle outra utilidade ao edificio.

+ Intervén a portavoz socialista:

Nos estamos polo funcionamento da biblioteca, pola cultura e por usar o edificio ao estar aí. É importante facer a proposta de que se revise o que custa o mantemento dese edificio, e reducir o máximo posible os gastos.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.03º.- SORTEO DAS MESAS ELECTORAIS.

Convocadas eleccións xerais a celebrar o vindeiro día 20 de novembro, e consonte ó disposto a lexislación electoral, procédese polo Concello ó sorteo, entre os electores que para cada caso reúnen as condicións esixidas, daqueles que formarán parte das mesas electorais do Concello como presidentes ou vogais, e dos seus suplentes. Utilízase un sistema informático que realiza a selección dos electores segundo niveis de estudos sobre unha copia en soporte magnético do Censo Electoral facilitada polo I.N.E., realizando un sorteo aleatorio entre os electores seleccionados.

Se procede ó sorteo que da o seguinte resultado:

	Cargo	1º. Apelido	2º. Apelido	Nome	D.N.I.
	Presidente/a	Franco	Vazquez	Juan Carlos	50160426W
	Presidente/a 1er. Suplente	Martinez	Martinez	Diego	34268639L
	Presidente/a 2º Suplente	Parada	Lopez	Maria Luisa	34259309G
1	1er. Vocal	Jesus De	Renones	Luis	X9575988F
1	1er. Vocal 1er. Suplente	Defente	Castro	M Luisa	34265686X
A	1er. Vocal 2º Suplente	Parada	Lopez	Secundino	34215686N
	2º Vocal	Rodriguez	Moreira	Agapito	34245456C
	2º Vocal 1er. Suplente	Diaz	Casanova	Yago	34272983Q
	2º Vocal 2º Suplente	Iglesias	Macia	Javier	76622933C
	Presidente/a	Jurjo	Sanchez	Oscar	34270936Q
	Presidente/a 1er. Suplente	Gallego	Vazquez	Margarita	34233423Q
	Presidente/a 2º Suplente	Duce	Campo del	Maria Isabel	09256938J
1	1er. Vocal	Rivera	Castro	Fernando	34239677Z
1	1er. Vocal 1er. Suplente	Lopez	Lopez	Consuelo	34260382L
B	1er. Vocal 2º Suplente	Martinez	Gallego	Maria Sol	34253886D
	2º Vocal	Camino	Lopez	Miseno	34268948Y
	2º Vocal 1er. Suplente	Gallego	Fernandez	David	76616245W
	2º Vocal 2º Suplente	Diaz	Martinez	Teresa	34250585C

	Cargo	1º. Apellido	2º. Apellido	Nome	D.N.I.
1 2 A	Presidente/a	Hurtado	Garcia	Pedro Anamin	46769382D
	Presidente/a 1er. Suplente	Rodriguez	Rodriguez	Ana	34254780Y
	Presidente/a 2º Suplente	Vila	Sobrado	Maria del Carmen	34250883L
	1er. Vocal	Rodriguez	Lopez	M. Magdalena	34257710S
	1er. Vocal 1er. Suplente	Alvarez	Rodriguez	Jesus	34255629G
	1er. Vocal 2º Suplente	Gonzalez	Casanova	Maria Aurora	34247274K
	2º Vocal	Lopez	Veloso	Patricia	34265862W
	2º Vocal 1er. Suplente	Alvarez	Mondelo	José	34549474R
1 2 B	2º Vocal 2º Suplente	Exposito	Vazquez	Yolanda	34268405S
	Presidente/a	Enriquez	Rodriguez	Jose Antonio	34263818M
	Presidente/a 1er. Suplente	Rodriguez	Lopez	Fernando	34265559K
	Presidente/a 2º Suplente	Morales	Montero	Manuel	34259142K
	1er. Vocal	Chousa	Garcia	Jesus Fernando	34269197W
	1er. Vocal 1er. Suplente	Rodriguez	Lopez	Maria del Rocio	34263206Z
	1er. Vocal 2º Suplente	Hiebra	Mendez	Monica	34262656Q
	2º Vocal	Alvarez	Parejas	Antonio	76613213Y
1 2 C	2º Vocal 1er. Suplente	Morales	Besteiro	Lorena	76624176K
	2º Vocal 2º Suplente	Maceda	Docasar	Maria del Mar	34256250G
	Presidente/a	Conde	Fernandez	Anastasia	33809649V
	Presidente/a 1er. Suplente	Lopez	Casas	Antonio	36101394L
	Presidente/a 2º Suplente	Porto	Vieitez	Marcos	34271529B
	1er. Vocal	Rodriguez	Gonzalez	Jose Manuel	34252420S
	1er. Vocal 1er. Suplente	Gomez	Alvarez	Milagros	34264028P
	1er. Vocal 2º Suplente	Sanchez	Rodriguez	Nestor	34241150S
1 2 C	2º Vocal	Rodriguez	Rodriguez	Carlos Jose	34264489D
	2º Vocal 1er. Suplente	Taboada	Castro	Pio	76612227D
	2º Vocal 2º Suplente	Reboiro	Campo	Maria Ines	34258228G

1.04º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

A estas alturas do exercicio compre facer uns gastos inaprazables con cargo a este orzamento. Consonte co anterior, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Apróbase-lo expediente número 1 de modificación de créditos do orzamento xeral de 2011 co detalle que se detalla a seguir.*

2.- *Facer público este acordo por prazo de quince días a efectos de exame e alegacións, considerándoo definitivamente aprobado se non se presenta ningunha nese prazo.*

Bolsa	Programa	Económica	Iniciais	Modificacións	Definitivos	Recoñecidas	Proposta
1	0 Débeda	3 Xuros	25.000,00	0,00	25.000,00	28.316,35	7.500,00
2	0 Débeda	9 Amortizacións	15.159,60	0,00	15.159,60	11.030,44	-400,00
3	1 Servizos públicos	1 Persoal	42.924,57	45.761,24	88.685,81	65.418,11	660,00
4	1 Servizos públicos	2 Bens e servizos	255.595,00	36.720,32	292.315,32	210.954,18	10.600,00
5	1 Servizos públicos	6 Inversións	78.480,23	282.465,84	360.946,07	274.170,88	-12.319,00
6	2 Protección social	1 Persoal	139.551,30	64.355,97	203.907,27	155.421,21	-7.942,35
7	2 Protección social	2 Bens e servizos	10.201,00	18.522,06	28.723,06	22.550,15	1.925,00
8	2 Protección social	4 Trans. correntes	2,00	1.125,00	1.127,00	1.853,17	3.200,00
10	3 Bens p. pref.	2 Bens e servizos	53.504,00	20.779,96	74.283,96	65.625,68	13.250,00
11	3 Bens p. pref.	4 Trans. correntes	33.070,00	0,00	33.070,00	16.570,00	-10.950,00
12	3 Bens p. pref.	6 Inversións	455,07	179.653,71	180.108,78	166.092,05	55,75
13	3 Bens p. pref.	1 Persoal	63.946,85	17.432,61	81.379,46	41.895,37	-19.000,00
14	4 Actuacións econ.	6 Inversións	6.163,35	172.289,57	178.452,92	176.152,08	1.871,60
15	4 Actuacións econ.	4 Trans. correntes	15.276,00	0,00	15.276,00	15.276,40	5.100,00
16	9 Actuacións xerais	1 Persoal	311.244,26	112.912,88	424.157,14	277.601,48	-11.675,00
17	9 Actuacións xerais	2 Bens e servizos	115.201,00	229,42	115.430,42	98.837,69	16.400,00
18	9 Actuacións xerais	4 Trans. correntes	2.501,00	100,00	2.601,00	1.867,00	-100,00
19	9 Actuacións xerais	6 Inversións	3,00	5.533,20	5.536,20	6.959,65	1.424,00
20	9 Actuacións xerais	8 Activos financeiros	0,00	0,00	0,00	300,00	400,00
<i>Total</i>			1.168.280,23	957.881,78	2.126.162,01	1.636.891,89	0,00

Intervén o Tenente de Alcalde delegado de Facenda para explicar polo miúdo as transferencias de crédito que se propoñen.

+ Intervén a portavoz socialista:

Creo que non vai a haber ese acordo dos 17.000€, senón a metade redonda ou menos.

+ Intervén o portavoz independente:

Como se fixeron os cálculos para esta modificación? Chegan as cantidades que figuran nas partidas para os meses que quedan?

+ De orde do alcalde, intervén o Secretario Interventor:

En principio se estima suficiente o saldo de cada bolsa de vinculación, e en todo caso, mantendo unha política de contención do gasto, queda marxe para outra modificación se fose necesario. En canto ao dos cálculos, depende da natureza das partidas. As de persoal resólvense fácil calculando as nóminas dos meses que quedan. O mesmo pasa cos gastos de tracto mensual. Outras, como as dos seguros dos vehículos, sábese facilmente os que quedan sen pagar. E o resto se aproxima cunha regra de tres entre o período transcorrido e o que queda.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.05º.- SOLICITUDE DUN CRÉDITO AO ABEIRO DO REAL DECRETO LEI 8/2011.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

O Real Decreto Lei 8/2011 autoriza a solicitude de un préstamo a longo prazo a través do ICO para atender gastos por obras, servizos e subministros pendentes de pago e facturadas ou certificadas antes do 30 de abril do actual.

Nese caso o concello ten tres facturas por un importe total de 21.434,18€. Consonte co exposto, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aprobar a solicitude de un crédito por importe de vinte e un mil catrocentos trinta e catro euros con dezaoito céntimos (21.434,18€) para o pago das facturas seguintes:*

<i>Nº Rexistro</i>	<i>Data do Rexistro</i>	<i>Nome do Terceiro</i>	<i>DNI/CIF</i>	<i>Data da Factura</i>	<i>Importe</i>
42	25/01/2011	Quivacolor	B-20.072.054	5-1-2011	537,55
116	18/02/2011	Quivacolor	B-20.072.054	4-2-2011	692,37
187	25/03/2011	Goni S.L.	B-27.191.865	28-2-2011	20.204,26
<i>Total</i>					<i>21.434,18</i>

2.- *Solicitar do Instituto de Crédito Local (ICO) a aceptación para concertar esta operación de endebedamento.*

O Tenente de Alcalde Delegado de Facenda explica a finalidade da Lei e sinala que as tres que se indican son as únicas que adebeda o concello que cumpren as condicións sinaladas pola Lei. Destaca así mesmo que teñen partida no orzamento habendo só un problema de liquidez.

+ Intervén o portavoz independente:

Cando presentou a este pleno os orzamentos xa existían estas facturas e deberían estar previstos estes gastos. Ao longo do ano pasado se pediron unha serie de préstamos, entre eles a primeiros de xaneiro unha póliza de 250.000€ para pagar as débedas e facer unha serie de obras. O concello xa pediu períodos de carencia de créditos que haberá que pagar para 2012, e este non ten período de carencia e xa se ten que pagar para o ano que ven. Ou sexa que para o ano que ven hai que empezar a amortizar o préstamo de setecentos e pico mil euros, a 31 de decembro ou 1 de xaneiro a póliza de 250.000€, e agora digamos que o Estado si quere que se paguen as facturas que son de obras que se fixeron no 2010 ou a principio de 2011, e se quixeran xa a tiñan pagada. Non sabemos se hai máis facturas pendentes a día de hoxe, e se as hai porque non se meten aquí, e por que unhas si e outras non.

+ Intervén o portavoz popular:

Nos imos votar en contra.

+ Intervén a portavoz socialista:

Nos consideramos que nunha boa xestión do concello debería estar xa o non ter que pedir máis créditos unha vez que todos coñecemos a situación do concello, a débeda que temos e os créditos que se foron pedindo. A necesidade de pagar aos autónomos, por suposto que si, pero aí está a boa xestión e a selección das obras que se poden pagar. As dúas primeiras facturas e sorprendente que o concello non teña presuposto para pagalas, e a terceira non sei se é do plan de cooperación que desde logo, pola data o é, e iso estaba contemplado nos orzamentos polo que imos votar en contra.

+ Intervén o concelleiro delegado:

Non é un problema orzamentario. Se metemos esas facturas son porque son as que se poden meter de acordo co disposto na lexislación. É un problema de tesourería para poder pagar aos provedores. Claro que temos un problema importante, pero en grande parte é pola herdanza que tivemos.

+ Intervén o portavoz independente:

Supoño que a herdanza a que se refire é a do período anterior que estiveron gobernando vostedes. Estas facturas son de traballos realizados nese goberno seu. Non respondeu ás preguntas que lle fixen. E aquí, no artigo 8 di que non pode haber prazos de carencia, así que xa o primeiro ano empeza a contar, e especifica que se ten que pagar en tres anos, ou sexa que se pagarán entre 8 e 9 mil euros. A cuestión é que se se poden facer as cousas se fan e senón, non, pero non podemos estar a facer todo. Este grupo de goberno, que se xactou na investidura de que todos tñíamos que remar ao mesmo lado e que ía contar con todos, pero non sei os outros grupos, pero aos independentes nunca se nos chamou nin se nos da información, pero un grupo de goberno sustentado só por catro concelleiros non pode funcionar, e que tanto o grupo popular como o socialista, como nos mesmos nos gustaría que non só nos digan que temos que empuxar a barca, queremos tamén montar na barca e visualizar o que hai nas beiras para logo axudar.

+ Intervén o portavoz popular:

Supoño que o da herdanza se referirá a de hai catro anos. Imos votar en contra para no aumentar a débeda do concello.

+ Intervén a portavoz socialista:

Nos xa dixemos que imos votar en conta para non aumentar máis a débeda do concello. Hai que priorizar, e dende logo, se estaba no orzamento supoño que había partida. E por exemplo, se non se houberan aprobado os incrementos das asistencias aos plenos, poderíanse haber pagado estas facturas.

+ Intervén o Alcalde:

En primeiro lugar está habendo unha confusión entre o que é o orzamento e unha operación de tesourería. A débeda está aí, se pague ou non a través do ICO. O porqué se inclúen só estas tres facturas é que son ás únicas que cumpren as condicións establecidas. Vou a insistir en que voten a favor, porque o goberno socialista de Madrid saca esta liña precisamente para que se lles pague aos provedores, e tamén o presidente Feijoo insiste en que os concellos paguen a sesenta días cando a Xunta de Galicia paga sempre tarde. Unha desas facturas é unha obra do POS de Santalla. Temos que contribuír todos a non facerlle dano aos provedores. Por outra parte dicir que non estamos tan mal, cando só podemos incluír tres facturas de escaso importe. Outros concellos necesitan financiar máis. Entendo que a oposición ten o seu papel de facer demagogia en ocasións, pero isto non é arrimar o ombro covo vostede dicía nin facer oposición construtiva, pero vostedes saberán.

Sometida a votación a proposta da alcaldía, rexéitase cos sete votos en contra dos grupos independente, popular e socialista, e os catro a favor do nacionalista.

1.06º.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE UNHA OBRA CASTROSANTE.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

A parroquia de Castrosante recibe a auga potable do abastecemento do concello que a capta do río Cabe no lugar de San Pedro, na parroquia de Saa de Incio.

Xa que a Castrosante non chega por gravidade, a auga é bombeada mediante motores eléctricos. Isto supón que nos abundantes cortes do servizo eléctrico os veciños quedan sen auga.

Para solucionar ese problema e aforrar unha parte importante do gasto que supón o bombeo, o concello solicitou unha axuda de trinta mil euros á Deputación Provincial de Lugo, que a concedeu.

Pero visto o proxecto, se constata que a alternativa posible, condución dende a Pobra do Brollón, necesitaría tamén bombeo ao non acadar dende o depósito a cota necesaria, polo que nin se produciría aforro nin se melloraría o servizo que reciben os veciños. Consonte co anterior, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Solicitar da Deputación Provincial de Lugo a amulación da obra prevista de abastecemento de auga potable a Castrosante.

2.- Solicitar da Deputación Provincial de Lugo que destine os trinta mil euros (30.000,00€) previstos para dita obra ao asfaltado con aglomerado en quente da rúa Cano, dende o alto ata a ponte sobre o río Saa que presenta un alto grado de deterioro por mor das obras do saneamento, e o posible resto á mellora do abastecemento de auga.

O Alcalde explica o porqué da proposta e día que non é pechada, e que se poden estudar outras como a supresión do bombeo da Labrada, ou calquera proposta que xurda no Pleno.

+ Intervén o portavoz popular:

Nos decatámonos na Comisión Informativa. Parece ser que foi un problema técnico no cálculo das cotas. Agora se nos pide que acheguemos propostas, pero non é para vir aquí sobre a marcha a ver que se nos ocorre, como pasou co PlanE que tivemos que facer propostas en curto tempo. Gustaríanos que se nos convocara aos portavoces dos grupos para buscar solucións. E que se falase tamén cos veciños a ver cales son as necesidades.

+ Intervén o portavoz popular suplente:

Eu estiven na reunión da Comisión Informativa e alí a concelleira socialista quedou en buscar alternativas, porque suprimir un bombeo para por outro non ten sentido. Entón nos imos esperar se a concelleira socialista buscou unha alternativa.

+ Intervén a portavoz socialista:

Teño que dicir que esta moción non ten sentido neste pleno porque non é un orzamento co que conte o concello, simplemente se nos escoitou como politicamente se adoita facer, e se nos escoitou nunha serie de propostas de obras que levamos á Deputación estando no goberno o grupo socialista, e estas propostas sempre as buscamos tendo en conta a necesidade de cubrir servizos básicos e con propostas feitas polos veciños. Non pedimos 30.000€. Fixemos a proposta de levar a auga a Castrosante sen bombeo. Houbo un erro inicial básico sobre o que se partiu. O enganche estaba prevista na Pobra do Brollón no cruce de Saa. Á técnico se lle escapou onde estaban os puntos de captación, ou foi miña culpa por non recordarllo. Se non se elimina o bombeo, non ten sentido a obra. Valoraron que o proxecto dende aquí vale 30.000€. Estanse valorando outras propostas, como facer o enganche dende Lamaigreja, que si daría a cota.

+ Intervén o portavoz alcalde:

Paréceme ben que se elimine un bombeo, pero hai que valorar que se a obra costa 200.000€ talvez non pague a pena facer a obra, e sexa mellor por un xerador, xa que o problema de desabastecemento só xurde cando non hai subministro eléctrico. E aínda que os cartos son da Deputación Provincial de Lugo, non estamos para desbordalos. Pero imos a esperar que traía uns datos máis concretos.

+ Intervén o portavoz independente:

Dende o noso grupo estamos por facilitarlle tanto á portavoz socialista e ao Alcalde para que retomen este tema coa Deputación Provincial de Lugo e logo ver se continuamos o proxecto ou o rexeitamos se é inviable.

+ Intervén o portavoz popular suplente:

Quero dicir que de acordo en que a portavoz socialista faga as xestións oportuna e logo se reúna a Comisión Informativa se vos parece ben.

+ Intervén a portavoz socialista:

Trátase de encontrar unha solución viable e razoable. Se o proxecto costa 200.000€ haberá que investilos mellor noutra necesidade do concello.

O alcalde anuncia que adía a súa proposta e propón deixalo pendente.

Así se acorda por unanimidade.

1.07º.- ORDENANZAS FISCAIS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

A actual situación de crise económica impide que os concellos podan seguir prestando os servizos básicos sen o correspondente financiamento. Xa a lexislación sobre facendas locais prevé que os servizos deben de ser financiados mediante as correspondentes taxas. Neste concello nunca se lle deu cumprimento, pero agora é imprescindible aproximarse a esa situación.

No ano 2004 se estableceu un complemento á taxa sobre lixo denominada ecotaxa para financiar parcialmente o sobrecusto que supuxo para o concello a obriga de entregar o lixo a Sogama. Pero a ratio de cobertura é do 50%.

Consonte co anterior, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Modificar o punto 4 do artigo “6º.- Cota tributaria”, da ordenanza fiscal número 8 Reguladora da taxa por recollida e tratamento de lixo, que queda redactado como sigue:*

4. *A cada unha das cotas sinaladas no paragrafo 2 se lle engadirá en concepto de ecotaxa por tratamento de residuos a cantidade mensual de dous euros con dezaoto céntimos (2,18 €).*

2.- *Modificar o punto 5 de dito artigo substituíndo “2011” por “2012”.*

3.- *Modificar a disposición final da citada ordenanza que queda redactada como sigue:*

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza Fiscal, da que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 24 de outubro de 2011, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P. e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

4.- *Facer público o acordo e a modificación por prazo de 30 días hábiles, a efectos de exame e reclamacións, considerándoa definitivamente aprobada de non presentarse ningunha en dito prazo.*

O portavoz do grupo nacionalista explica polo miúdo o contido da taxa indicando que a cobertura actual non chega ao 50% do custo do servizo, e coa proposta que se fai se aproximaría ao 85%.

+ Intervén o portavoz independente:

Este é un tema que se vai falar aquí posteriormente porque ao Alcalde, no pleno de 8 de agosto, se lle preguntou polo custo do servizo de recollida de lixo. Na Comisión Informativa se nos entregou unha documentación na que aparece un detalle de gastos que nos parece escaso, pero non o custo real do persoal. Si aparece o custo de persoal de levar o lixo a Monforte, cando aquí se dixo que o cambio de criterio que era para aproveitar ese persoal para o punto limpo e máis. É certo que o gasto vai para arriba. Pero tamén o é o feito de que non se fixo nada, nin informativa, nin reciclaxe nas aldeas e nos pobos. Págase por quilos, e se reciclásemos máis, se pagaría menos. É fácil subir a taxa, pero hai que ver se se pode traer aquí... Outra cousa é que nos digan realmente o custo, porque ao mellor, se en persoal se aumentou ese custo, eses 4.000€ tamén a maiores se podían ter aforrados.

Outra cousa e o que aparece da amortización do camión de 120.000€, anualidade de amortización 12.000€. quero saber se o concello está realmente amortizando o camión, porque teño entendido que o camión é da Deputación ou da Consellaría, entón nos sei a que se refire.

Prodúcese neste intre un debate entrecruzado entre o alcalde e o portavoz independente sobre o custo do persoal do servizo.

O que interpretamos como grupo é que, en lugar de ir ao fácil, subir o recibo, se busque aforrar, con achegas do Estado ou a Xunta. O que propón este grupo é ver se se pode establecer unha serie de negociacións ou mirar achegas dos grupos políticos para diminuír a factura a través do persoal de reciclaxe e separación de residuos concienciando aos veciños na separación.

+ Intervén o portavoz popular:

Estamos en contra de subir os impostos aos usuarios, e hai que buscar outras alternativas como facer compost explicando aos usuarios como se fai ou reciclar.

+ Intervén a portavoz socialista:

Nos queremos facer un inciso no da amortización teórica porque o camión, o valor de 120.000€ foi unha xestión da concelleira de medio ambiente naquel momento e lle custou ao concello 0€. Se o concello tivera que por algo, non sei onde iría esta amortización teórica. Tamén é importante o de educar as persoas, porque non só estaríamos pagando menos, senón beneficiando a calidade de vida. Se lle está a pagar a Sogama máis do que debemos porque se recicla moi pouco.

+ Intervén o Tenente de Alcalde delegado:

Nos temos pensado facer charlas nas parroquias aproveitando as actividades que se están a facer nas mesmas. Efectivamente se reciclamos, rebaixamos o gasto en Sogama. Pero estamos nun momento difícil e temos un grande desfase nesta taxa, e pido responsabilidade xa que as taxas deben tender a financiar o servizo que se presta.

+ Intervén o portavoz independente:

Imos votar en contra, no seu día entendemos que había que subir as taxas, pero se a situación é difícil para o concello tamén o é para os veciños. Non todos os servizos teñen que ser a custo cero, hainos que non como a sanidade ou a educación. Mantemos a proposta de estudar o xeito de baixar os custos.

+ Intervén o portavoz popular:

É mellor que no canto de facelo cando hai ximnasia, convocar a todo o pobo mediante folletos.

+ Intervén a portavoz socialista:

Se se recicla máis, baixa o custo e se palía o desfase. Os servizos públicos nunca son rendibles, polo tanto votaremos en contra de subir a taxa.

+ Intervén o alcalde:

Eu creo que os servizos públicos non deben dar beneficios, pero tampouco ter un custo elevado para o concello, e estamos como todas as administracións na procura dunha solución para o déficit. Dende a oposición é fácil manter unha postura demagóxica e o que antes valía agora non vale, pero quen sae prexudicado son os veciños. Pero virán outros que resolverán estes problemas. Subir un euro por domicilio e mes, non é un grande esforzo. Fagan un exercicio de responsabilidade porque o problema non vai ser nin para este edificio nin para os que estamos aquí. Vai ser para os veciños.

Sometida a votación a proposta da alcaldía rexéitase cos sete votos en contra dos grupos independente, popular e socialista, e os catro a favor do nacionalista.

2.- PARTE DE CONTROL:

2.01º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos ditados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan.

DATA	CONCEPTO
12/08/2011	Delegación de funcións no primeiro tenente de alcalde
18/08/2011	Limpeza de biomasa relativa a escrito de denuncia de Dona Jesusa Álvarez Rivera
18/08/2011	Ordenación retirada de Cancela en Salcedo a D. Vicente Sánchez Rodríguez
19/08/2011	Autorización de celebración dun isco ao espeto no lugar de San Vitoiro
24/08/2011	Modificación do servizo de axuda no fogar a D. Jorge Páez Ramallo

DATA	CONCEPTO
26/08/2011	Modificación do servizo de axuda no fogar a Dona Rosa Diéguez López
29/08/2011	Nomeamento e convocatoria de tribunal de 3 prazas de peóns (Programas de cooperación)
01/09/2011	Autorización baixo da Casa da Cultura a D. Guillermo López Rivera
20/09/2011	Pago de facturas a Talleres Emabe
22/09/2011	Pago de facturas a Advanced Promotions SL
27/09/2011	Concesión de anticipo de soldo a Dona Yolanda Expósito Vázquez
04/10/2011	Pago de facturas a Prefabricados Monforte SL
05/10/2011	Pago de facturas a Supermercado – Panadería ROELMA
11/10/2011	Pago de facturas a OPAGA 003, SL
21/10/2011	Modificación do servizo de axuda no fogar a D. Vicente Núñez González
21/10/2011	Modificación do servizo de axuda no fogar a Dona Erundina Maceda Castaño

2.02º.- ROGOS E PREGUNTAS.

*** P-13/11**

+ Pregunta oral que formula o portavoz independente:

Reitero unha pregunta xa feita. Cal é o custo de persoal da recollida de lixo? Porque se dedicamos nas vacacións ou nas baixas a outro persoal, tamén ten custo. Recórdolle ao alcalde que as preguntas ten obriga de respondelas no seguinte pleno.

- O Alcalde responde:

Ao día de hoxe o custo de persoal, incluíndo seguridade social, vacacións e once días teóricos de cada empregado de baixa e de 46.753,42€.

Intervén o portavoz independente.

Na época anterior, co outro sistema de prestación de servizo custaba 36.000€, ou sexa, que hai un desfase de 10.000€ que podería servir para rebaixar o custo do lixo.

Intervén o Alcalde.

Vostede fala de datos aproximados porque no 2007, cando o recollía unha empresa, o custo era de 39.349,94€ que, actualizándoo e tendo en conta o número de contedores que temos agora, cos 398 daquela a empresa custaría hoxe 49.063,13€, e cons corenta máis que temos en servizo serían 53.944,10€.

Intervén o portavoz independente.

A maioría dos concellos contratan empresas porque o custo é previsible, independentemente de folgas ou outras incidencias.

*** P-14/11**

+ Pregunta oral que formula o portavoz popular:

No pleno de agosto preguntei como estaba o tema das achegas ás entidades culturais e se me respondeu que estaba pendente de solucionar.

- O Tenente de Alcalde delegado responde:

Está pendente.

* P-15/11

+ Preguntado oral que formula o portavoz popular:

As taxas para utilizar o pavillón e iso, porque se pagan no banco?

- O Alcalde responde:

Se pode pagar tamén nas oficinas. É por comodidade dos usuarios.

* P-16/11

+ Preguntado oral que formula a portavoz socialista:

O POS de 2011 iniciouse?

- O Alcalde responde:

Esa obra non se vai a executar. O custo actualizado estaría en torno a 350.000€ e se gastaría todo o POS en dar servizo a catro vivendas. Polo tanto considerando que algunhas están deshabitadas, saíría por cada usuario un custo de 24.000€.

Intervén a portavoz socialista.

Ese POS foi aprobado en pleno. O proxecto inicial levaba bombeo eléctrico, e tratouse de facer a primeira fase facilitándolle ese proxecto ao técnico do concello por se lle servía de base, pero el formulou o proxecto nunha primeira fase que se aprobou nunha Xunta de Goberno e se adxudicou a unha empresa.

Intervén o alcalde.

Retírouse porque o custo era de 50.000€ e daba cobertura a catro vivendas, é nos pareceu dilapidar os recursos.

Intervén a portavoz socialista.

A primeira fase é máis cara porque inclúe as depuradoras. O resto da obra é máis barata. Unha segunda fase daría case cobertura ao pobo.

Intervén o Alcalde.

O proxecto total ascende a uns 350.000€ e polo tanto farían falta uns sete anos para completar a obra.

* P-17/11

+ Preguntado oral que formula o portavoz popular suplente:

Oín que ao técnico municipal se lle rescindira o contrato. É certo?

- O Alcalde responde:

Cambiou o sistema dende que non hai achegas para a aplicación da Lei do Hábitat. Agora segue o contrato anterior.

* P-18/11

+ Preguntado oral que formula o portavoz socialista suplente:

Todos sabemos que hai un tempo un grupo de mozos do concello participaron nun concurso de televisión e ganaron un coche para o concello. Gustaríame que me dixese como vai o tema, se xa lles entregaron o coche, se tiveron contactos ou se saben algo.

- O Tenente de Alcalde delegado responde:

Alégrome de que me pregunte iso, porque no traspaso de poderes xa me pasou vostede toda a información sobre o coche e os vales dos hoteis. Si, fixen xestións e estiven falando con alguén da produtora e quedou de chamarme ao final deste mes para concretar datas, ir ao concesionario e todo iso. Pero de todas formas recálcolle que no traspaso de poderes xa tiven toda a información por parte súa.

Intervén o portavoz socialista suplente:

Foi vostede quen se creu autosuficiente e non se puxo en contacto comigo para nada. Se me chamase, daríalle toda a información que tivese. Só me chamou para preguntar por uns micrófonos e llo dixen. Poderíame dicir con que produtora falou? Porque oín que había unha que quebrou.

Intervén o Tenente de Alcalde delegado.

Teño a información no despacho e logo llo ensinarei. Tiven que andar buscando pola miña conta toda a información, pero agora está xa o tema arranzado.

Intervén o portavoz socialista suplente:

Non é tan difícil. Basta por dúas palabras nun buscador de internet e xa aparece toda a información das produtoras, da cadea de hoteis e todo o que necesite. En todo caso deséxolle que faga unha xestión como fixen eu e participen en programas nos que podan traer para o concello premios de 24.000€.

* P-19/11

+ Pregunta oral que formula a portavoz socialista:

Podíanos explicar o Plan de Cooperación? Cantos operarios contrataron?

- O Alcalde responde:

Contratáronse tres que foi o que concederon.

Intervén a portavoz socialista.

Só concederon tres?.

Intervén o Alcalde.

Tres peóns un administrativo e un técnico deportivo.

Intervén o portavoz independente.

Teño entendido por oídas que parte deses peóns están facendo labores administrativas no concello. É certo iso?

Intervén o Alcalde.

A que se refire con iso?

Intervén o portavoz independente.

Teño entendido que, Elvira concretamente, pasa practicamente o día nas oficinas.

Intervén a portavoz socialista.

Eu simplemente polo tema da xente e a labor de oposición, que non temos nada contra ninguén. Quixera que me dixese cales son as funcións deses peóns.

Intervén alguén do grupo de goberno.

Peóns de obras e servizos.

Intervén a portavoz socialista.

Ah! De servizos múltiples. Entón consideraron necesario despois de ter un peón contratado máis polo Plan de Cooperación, que eran necesarios dous administrativos?

Intervén o Alcalde.

Esa persoa actúa como peón tomando mostras dos abastecementos de auga e dos depósitos, xestión o punto limpo e cando ten tempo libre traballa na área de medio ambiente.

Intervén o portavoz independente.

Quero recordar que se pediu e non se concedeu un técnico de medio ambiente, e que agora realice esas labores pode dar que unha supervisión que fan da Consellaría de Traballo que resulte que non nos paguen ese peón por non facer a súa labor, e teñamos que facelo nos. Non se pode suplantar a lei. O Plan de Cooperación é indicativo de para que é, ou sexa para persoas desempregadas. Que eu recorde tamén esta persoa foi traballando case de forma consecutiva varios anos. O INEM mandou unha vez unha lista de medio ambiente e viñeron dúas persoas e se pediu outra lista e entrou outra persoa e se contratou á que non estaba na lista de dous. O que necesita o concello son peóns e auxiliares de xeriatría, e non lle deron o técnico de medio ambiente e póneno por un subterfuxio e ao mellor a Consellaría de Medio Ambiente lle di que non se están facendo as cousas como se deben.

Intervén o portavoz socialista suplente.

Elvira, grandísima profesional por certo, está facendo labores de técnico medioambiental. Cando eu estaba no goberno entrou polo plan Lugo Emprega un rapaz con grandes coñecementos de informática, e eu quería que puxese en marcha a biblioteca electrónica. Estivo unha mañá na biblioteca e vostede díxome que era totalmente ilegal e despois pasou a peóns. Hai nove técnicos medioambientais e esta entrou de peón, e peón é, como vostede me dixo, o que por a funda pola mañá e vai as obras. Sigue a facer analíticas de augas? Toma mostras? Para iso ten que ser técnico ambiental.

Intervén o portavoz independente.

Quero preguntarlle ao concelleiro de obras se ten ao seu dispor os tres peóns por igual, ou un vai ao das mostras e os outros ao resto dos traballos.

Intervén o Tenente de Alcalde delegado de obras.

Efectivamente dous se dedican máis ás obras e servizos xerais e outra a outras labores complementarias que son tamén necesarias. E por suposto está a disposición deste delegado cando se lle precisa para calquera traballo.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte horas e vinte e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte e un de novembro de dous mil once.

